

'Vivimos nun réxime de negación da identidade galega'



Foto: Xavier Queipo

Montse Dopico | Santiago de Compostela Actualizado **sábado 23/07/2011**

Di Xavier Queipo que mar e literatura casan ben porque o primeiro contén a vida e a morte, o amor e o desamor, é dicir, o esencial. A navegación é un dos eixos de 'Ártico', un dos seus primeiros libros, co que gañou o Premio da Crítica Española de Narrativa. **Galaxia acaba de reeditar, revisada, esta obra na que se intúe, en boa medida, a traxectoria de Queipo que virá despois. De feito, vén de gañar o Xerais con 'Extramunde'**, unha novela de aventuras nunha viaxe en barco que contén unha crítica contra o poder omnímodo da ideoloxía oficial. O Festigal acollerá o día 25, ás 17:30 horas, a presentación de 'Ártico 2.0', na que intervirán, ademais de Xavier, o tamén escritor Alfonso Álvarez Cáccamo e o director de edicións de Galaxia, Carlos Lema.

Como foi o reencontro con 'Ártico' despois de tantos anos?

Ártico funo "reencontrando" en varias ocasións, por exemplo nas traducións integrais ao portugués (1998 e 2004) e ao francés (2011), e as traducións de certos contos ao inglés (2008) ou ao castelán (2007). Iso levoume a ter que explicar certos xiros, a darme de conta dalgunhas

grallas tipográficas ou erros de documentación na edición orixinal. As revisións son sempre necesarias.

O mar contén a vida e a morte, o amor e o desamor. Dilo en 'Ártico 2.0'...

É que niso consiste o noso tránsito neste mundo. Cada instante da nosa existencia contén a vida e a morte. Quen nos quere e quen nos deixa de quere é unha parte moi importante da nosa existencia, por non dicir a máis importante. **Se analizas a literatura os grandes temas non se afastan moito deses que citas:** o amor (independentemente do tipo e expresión dese amor) e o desamor (coas súas compoñentes de odio, violencia, agresividade, exclusión, represión), a celebración da vida nas súas múltiples facetas e a presenza máis ou menos próxima ou consciente da morte.

O mar, dis, é tamén incerteza e soidade. Por que estas reflexións teñen tanta presenza nas túas obras?

Coido que un dos problemas da nosa sociedade é que non temos (ou mellor non dedicamos) tempo para pensar, para reflexionar. Hai un certo automatismo nos nosos comportamentos (individuais e colectivos). A min faime moita graza cando escoito que logo de rematar dúas ou tres semanas de percorrido polo Camiño de Santiago alguén di que se encontra cambiado, coma se fose un milagre. Proben a facer o mesmo exercicio (camiñar e máis nada) en calquera outro lugar do mundo (as selvas do Amazonas ou as montañas do Tíbet) e de seguro que tamén regresan cambiados de vez. Eu **tiven a sorte de pasar longas temporadas no mar, traballando varias horas ao día, mais con moito tempo para pensar.** Esa especie de auto análise servíume para tomar decisións na vida, que doutro xeito non tería tomado ou que me levarían máis tempo. A aprendizaxe da soidade foi unha delas. Gústame a compañía dos seres que eu quero, mais cómpre estar preparados para a súa perda.

En 'Ártico' atopamos xa o teu abraio ante a natureza e a túa celebración da vida en liberdade. E ese sentido observador do biólogo. Dis en 'Cartas marcadas' que o que fai a un escritor é ser capaz de ver os detalles que outros non ven. Ata que punto é así?

O ver os detalles que outros non ven, ou percibilos doutro xeito, ou explorar os camiños que antes non foran explorados. Isto non é exclusivo dos escritores senón dos artistas. Os filósofos (nun sentido amplo e incluíndo aí tamén os científicos) poden procurar causalidades ou explicacións que non somos quen de percibir a primeira vista. **O abraio diante da natureza ten que ver coa consciencia das nosas limitacións (como especie e como individuo).** O pequeno que te sentes diante dunha treboada perfecta... Logo está a liberdade (o medo á liberdade que nos inculcaron na escola e que coa que cada día nos ameazan nos medios de comunicación) e a súa procura como paradigma, se cadra utópico, de felicidade.

O relato de 'Ártico' 'O pycnogónido xigante' ten moitas cousas en común coa novela 'O paso do noroeste'. Inflúiu moito nela?

Este relato foi resultado dun soño. Atinas ben, pois en 'Ringside' había un relato breve, 'Anémona', que foi o detonante para que eu escribira 'O Paso do Noroeste'. Non é un caso illado, acontécese ás veces que un relato curto dá pé a unha obra posterior de maior dimensión. Tamén que unha mesma experiencia poda aparecer en varios formatos literarios (narrada en prosa e logo suxeito dun poema).

Dis en 'Cartas marcadas' que toda literatura é fantástica. 'Ártico' está cheo de historias que parecen ben documentadas e baseadas en historias reais...

Toda escrita é realista e fantástica a un tempo. Eu falaba tamén en 'Cartas marcadas' de dous gases que se mesturan (o gas ficción e o gas realidade) e dos que é difícil (pola propia cinética dos gases) separar unha partícula da outra. En 'Ártico', parto do vivido, do soñado, do escoitado, do lido e do reflexionado para construír as historias. A documentación da que falas é esa mesma, eses puntos cardinais do escritor, que son cinco, como os sentidos.

Desde o principio está, tamén a experimentación. O estilo de 'Camiño de Berchem' de 'Ártico' ten que ver co dalgúns contos de 'Os ciclos do bambú'. De que xeito se reflicte esa busca da innovación na novela coa que acabas de gañar o Xerais?

Non hai que confundir experimentación con hermetismo ou con dificultade na lectura. Como artistas (neste caso da palabra) os escritores temos a obrigaón de experimentar se non queremos ser amanuenses ou copistas. A miña formación científica lévame a traballar coa mente posta en I+D+i (Investigación, desenvolvemento e innovación). **Investigar as fronteiras entre xéneros literarios, desenvolver ideas apuntadas por outros escritores ou por min mesmo noutras xeiras da miña vida, introducir novos rexistros, etc. Non me vexo contando historias de detectives divorciados, afogados en alcohol e visitantes dos baixos fondos.** 'Extramunde' mestura crónica, narración oral e narrativa clásica en terceira persoa, recrea un mundo rural que ten como referente galego a Valle-Inclán e un mundo de navegacións que ten como referentes grandes relatos como os de François de L'Estra, Vasco da Gama, Amerigo Vespucci, Robert L. Stevenson, Francisco Coloane, etc, innova no propio estilo, na procura de verbas inventadas ou unha certa plasticidade nas descrições.

Hai "mal de linguas" en 'Diarios dun nómada', en 'Ringside' ou en 'Glosarios'. Como defender o galego nesta eclosión de discursos contrarios ás linguas minorizadas?

A lingua de Galiza é o galego e temos dereito a vivir en galego toda a nosa vida. A entrar nun bar e que nos atendan en galego, a contar os nosos síntomas en galego cando imos ao médico, a recibir información en galego, sexa nos medios de comunicación públicos ou na administración, a redactar os nosos contratos ou as nosas últimas vontades en galego, etc sen ter que mudar de rexistro lingüístico no noso propio país. **Iso non quere dicir que teñamos que ser refractarios ao uso doutras linguas na escrita ou na vida,** pois o cultivo e utilización doutros xeitos de ver o mundo non pode facer senón enriquecer a nosa percepción do mundo. Mais todo isto ten que vir a posteriori, como complemento a un dereito que é o de vivir na nosa lingua.

Asia está en moitos dos teus libros. Que foi o que te cativou dos asiáticos? Como evitar os prexuízos colonialistas nesas viaxes? (Tema que aparece en 'Malaria sentimental')

Con "Asia" aconteceu o mesmo que coas miñas estadías no mar. O contacto foi moi forte no senso do abraio dun mundo novo, descoñecido e case antagónico ao noso. Estiven na China, en Thailandia, e no que naquel momento eran colonias europeas de Hong-Kong e Macau (hoxe territorios chineses). Lecturas e referencias filosóficas e culturais xa tiña (dende a Guerra do Vietnam que marcou a miña nenez ata a lectura das obras de Mao na época da Universidade. **Unha reflexión sobre os acontecementos en Camboxa influirían para o meu rexeitamento frontal do maoísmo.**'Malaria Sentimental' parte deste rexeitamento do maoísmo de Pol Pot e é unha das miñas novelas menos lidas e por tanto das máis queridas. Foi publicada nunha época en que todo o que non fose exaltación nacional galega entendíase como non interesante. Se a isto engadimos que trata tamén das alternancias do amor, enténdense que nunha sociedade conservadora como a nosa non tivese moitos lectores. En 'Extramunde' tamén aparece Asia. **O colonialismo está ou non está no interior de cada un. Todos os imperios pasados e presentes o que intentan é colonizar outros mundos.** Esta

colonización sempre foi guiada pola economía, é dicir polo poder. No pasado esta colonización exercíana as casas reinantes ou os estados. Hoxe o colonialismo exerceo as empresas multinacionais e o capital financeiro, que son os que realmente teñen o poder. Esta crise que estamos vivindo non é outra cousa que o resultado dese afán "colonizador" (imperialista, dominador, como queira chamarlle) dos poderes económicos.

Tamén está Galicia na túa obra. En 'Papaventos' fálase de galegos condenados á emigración porque non aturan vivir nunha "nación entregada, humillada", de persoas criadas na "negación da súa propia identidade". Sentícheo así?

Dende 1936 en que comezou a Guerra Civil no Estado español, de mans dun galego acomplexado, ata que chegou o bipartito en 2007 (ditadura, pre-autonomía con Rosón, nada menos de Presidente, Fernández Albor, Fraga o das mans manchadas de sangue durante 16 anos), vivimos baixo un réxime de negación da identidade galega en maior ou menor intensidade. Moitos anos que foron laminando a vontade e a conciencia dos máis, e que desembocaron no que hoxe temos, un goberno apátrida, dos que lles gustaría ser señoritos andaluces e acudir ás celebracións de traxes de faralaes ou mantilla española.

'Papaventos' ten varias cousas en común con 'Dragona'. A soidade, a deshumanización, a amizade ou o amor como acubillo. Que pasa nas nosas sociedades?

Entramos na vida sen manual de instrucións. As conquistas sociais que levaron tantos anos e tantos mortos en defensa dos dereitos fundamentais están desaparecendo devagar mais de xeito insidioso. Os gobernos non gobernan senón que xestionan como poden o resultado dunha crise de poder mundial, que hoxe está nas mans do capital financeiro e das multinacionais. Por iso hai tantos naufragos en terra, tanta xente á valga, indignados e descontentos, refractarios ou adormecidos polos cantos de serea do consumismo, gregarios ou miméticos co que deben facer e pensar, sentir e sobre todo consumir, nese dobre reflexo anulador da liberdade individual que é o binomio produción/consumo. **'Dragona' é unha reflexión sobre ese mundo que está aí.** O amor e a amizade (outra forma de amor) son os últimos madeiros que aboian no naufraxio a os que nos aferramos coa esperanza de poder salvarnos. A salvación do mundo é posíbel, por certo, mais semella necesario mudar de rumbo.